

O armario novo de Rubén



Título:

O armario novo de Rubén

Autor:

Xabier P. Docampo

Ilustrador:

Xan López Domínguez

Editorial:

Xerais

Colección:

Merlín

Nº páxinas:

64

ISBN:

84-9782-268-4

Idade:

De 9 anos en diante

XERAIS



o autor

Xabier P. Docampo

Naceu en Rábade (Lugo) en 1946. Mestre involucrado en movementos de renovación pedagóxica. Coautor de libros de texto, formou parte do colectivo Canles de Edicións Xerais de Galicia, galardoado co Premio Emilia Pardo Bazán que o MEC concede para premiar o material docente que mellor presente unha sociedade non sexista. Formou parte do equipo inicial de Preescolar na Casa.

Participou activamente na creación da Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil, da cal foi presidente. Dinamizador a favor da cultura galega en diferentes ámbitos de actuación: actor de teatro, autor de guións para cine e televisión ou director de programas de radio. Ten excepcionais condicións de narrador oral, que o converte nun eficaz e popular contador de contos.

En 1989 recibiu o premio que anualmente outorga a agrupación de libeiros da Coruña para destacar o conxunto da súa obra. Tamén conta co Premio Rañolas 1994 á mellor obra de literatura infantil e xuvenil por *Cando petan na porta pola noite*, pola que tamén recibe o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1995, sendo tamén incluída na Lista de Honor do IBBY.

Está considerado como un dos grandes renovadores da literatura infantil e xuvenil galega, á cal incorporou a milleiros de lectores con éxitos de vendas como *O misterio das badaladas*.

Outras obras deste autor: *Cun ollo aberto e outro sen pechar*; *A chave das noces*; *O armario novo de Rubén*; *O país durminte*; *Un conto de tres noites*; *Bolboretas*; *A casa da luz*; *Os ollos de Ramón*; *Catro cartas*; *O home que inventou unha maneira de andar*; *O pazo baleiro*; *Nube de neve...*

o ilustrador

Xan López Domínguez

Nace en Lugo. Licenciase en Historia da Arte e traballa no eido da ilustración de libros. Ten ilustrados máis de cen tanto para editoriais galegas como internacionais.

Citamos, entre as súas obras, *A historia da buguina*, *Este era Hirbel*, *A galiña azul*, *Fafarraios*, *O capitán Ro e o gato Bo*, *gago por merenda*; *A princesiña Socorro*, *o trobeiro Carolo e o demo dos cornos...*

De cando en vez tamén escribe as súas obras, como no caso de *Voces na lagoa do espantallo* ou *Teodomiro soña con dragóns*.

Entre os premios acadados por este ilustrador destacamos: Curuxa do Humor en 1986, Placa da Bienal de Bratislava en 1991, Lista de Honra do IBBY en 1992; seleccionado oficialmente para a Feira dei Libri per ragazzi de Bolonia nos anos 1990, 1991, 1992 e 1993; premio UNICEF como ilustrador do ano 1993.

o libro

Colección de contos, o segundo dos cales lle dá nome a todo o libro.

«Conto para antes dos contos»

Narra o encontro do autor cun trasniño que aparece no chan despois de caer un libro. Este conducirao a un programa de ordenador onde se fala das variables que o creador conxuga para inventar historias e que xiran en torno ás dúbidas, certezas e achegas do lector.

«O armario novo de Rubén»

Rubén entra no armario empotrado que acaban de facer no seu cuarto e atópase coa posibilidade de coñecer outros cuartos diferentes do seu e outros nenos; porque ese armario ten portas interiores que dan a outros roupeiros.

«Dacabalo da vasoira»

Xogando a que a escoba é un cabalo, Crisanto descobre a posibilidade de voar montado nela. No ceo atópase con moitos nenos que fan o mesmo e aprenderá as instrucións para aterrar ou despegar.

«Xogando ás agachadas»

Os irmáns pónense a xogar, pero un deles, no seu intento de que non o atope o que panda, métese nunha botella da que non é quen de saír. Os pais consultan co médico, que lles recomenda unha dieta especial para que adelgace e poida saír polo seu propio pé.


«Chegou un home moi grande...»

Un home enorme chega ao pobo, recolle a cor azul do mar e a verde dos campos e méteas no saco que leva ao lombo. Os rapaces que o seguen descubren o que fai e un deles seguirao ata descubrir onde vive. Mentres os adultos discuten como sacarlle o saco, o parvo do pobo irá buscalo e devolveralle as cores á natureza.

«Bolsas, milleiros de bolsas»


Unha muller acumula bolsas da mesma maneira que xunta cousas que xa non serven para nada. Un día, o vento xogaralle unha mala pasada: entra na casa e pon a voar todas esas bolsas que logo sacará á rúa para armar un caos... pero ela aínda continúa a recoller as bolsas.

temas e valores




Trasnos

Os seres míticos que continúan a poboar a imaxinación dos nenos e a abrir a fantasía a vellos e novos camiños.



Ordenadores

Case instrumentos máxicos, case ferramentas do imposible. Eles son máquinas incapaces de saírse do menú, pero tamén son quen de aliar-se coa fantasía e posibilitar a creación.



A creación dunha historia

O mesmo acto da creación é algo que preocupa ao autor, pois volve sobre el unha e outra vez, pero case sempre querendo contar coa colaboración do lector.




O misterio dentro do cotián

A través do armario, Rubén accede a outras dimensións da realidade. Esta historia pode lembrarnos unha saga moi de actualidade neste momento.




A distribución do traballo doméstico

A participación de toda a familia nesta responsabilidade como condición imprescindible para a igualdade de homes e mulleres.



As utilidades dunha vasoira

A relación co mundo das bruxas.



A tiranía que un home exerce sobre un pobo

A necesidade de facerlle fronte a todos os homes do saco.



Educación para o consumo

Amontoar bolsas de plástico sen ningunha finalidade. Gardar cousas que non valen para nada. Consumir sen medida. Pero tamén outras alternativas: se reutilizamos as bolsas reduciremos a produción.

actividades

Antes da lectura

- Co libro na man iremos falando do que nos suxire o título ou a ilustración da capa.
- Buscamos o nome do escritor e o do ilustrador e comentamos se os coñecemos doutros libros que teñamos lido e a opinión que nos mereceron.
- Lemos o texto da contraportada e iremos adiantando o contido do libro.
- Manipulamos o libro para observar se é unha novela ou unha colección de contos, o tipo de letra que nos permitirá unha lectura máis ou menos doada, o índice e o resto dos apartados como «Cando o autor fala de si» ou os títulos publicados na colección Merlín.
- Podemos falar doutros libros da colección que teñamos lido presentándollos aos demais ou comentándoo entre varios.
- Buscamos outros libros deste autor e deste ilustrador na biblioteca para poder realizar unha exposición mentres dure a lectura.
- En base ao título do libro e aos dos contos iremos predicindo os temas que serán tratados, podendo escribir un conto con algún destes títulos.
- Observamos as ilustracións do libro tratando de adiviñar a historia que nos están contando. Eliximos a que máis nos gusta argumentando a escolla.

Ao longo da lectura

«CONTO PARA ANTES DOS CONTOS»

- Será unha oportunidade para falar da relación entre os seres míticos e os ordenadores.
- Busquemos datos sobre os trasiños e contémonos contos nos que aparezan.
- Contestar ás preguntas que se formulan no programa de ordenador é unha boa maneira de ir entrando en materia.
- Pensemos noutro xeito de seguir o conto a partir do momento no que cae o libro ao chan e perde as letras.
- Preguntémonos que dúbidas temos e de que estamos seguros. Podemos realizar unha listaxe. Posteriormente poñerémolo en común para ver as coincidencias.
- Elaboramos un vocabulario propio do mundo da informática.

«O ARMARIO NOVO DE RUBÉN»

- Un armario pode ser a porta a un novo mundo; seguro que algunha vez nos temos preguntado que hai dentro dos roupeiros agachado á nosa vista. Algunha historia xa afondou nese mundo descoñecido. Contemos a través dunha liña argumental este conto.
- Un armario común a varios cuartos; a través del pódese chegar a cada unha delas e ir coñecendo aos habitantes desas casas. Continuemos a viaxe de Rubén contando o seu encontro con outros personaxes.
- Imaxinemos outra historia a partir do momento no que Rubén está dentro do armario.
- Vexamos quen narra esta historia e repasemos quen o fai no conto anterior.
- Rubén é tan insistente que fai falar a un bebé que aínda non está preparado para facelo. Expliquemos como será o mundo visto por un neno que aínda non fala.
- Na segunda porta atopa dous rapaces que discuten se é leonardo ou leopoldo. A resposta é leopardo. Agora continuaremos nós buscando palabras que comece por leo.

actividades

«DACABALO DA VASOIRA»

- Non só as bruxas poden voar nas vasoiras, tamén o fan os nenos. Relatemos algunha das aventuras deses nenos que voan sen que ninguén se decate.
- Lembremos contos de bruxas que usan vasoiras para desprazarse.
- A Crisanto correspondíalle varrer a cociña dúas veces ao día. ¿Que nos corresponde a nós?
- Realicemos un debate acerca da necesidade de distribución do traballo da casa entre os membros da familia achegando o que sabemos ao respecto e o que nos parece xusto.
- Redactemos un manual de instrucións para voar.

«XOGANDO ÁS AGACHADAS»

- Neste conto todos os irmáns de Marcos teñen nomes que comezan por L: Lucía, Leandro, Laura e Luciano. Continuemos coa listaxe de nomes con esa inicial.
- Debuxemos esa casa con todos os irmáns agachados.
- Redactemos as instrucións do xogo das agachadas.
- Un dos irmáns métese dentro dunha botella; desde alí ve todo de cor verde. Fagamos un debuxo que represente o que está a ver.
- Marcos entrou na botella pero agora non pode saír. Acórdanos eses barcos que tamén meten nas botellas para adornar e non podemos comprender como o fan. Investiguémoslo.
- Outras veces meten froitas na augardente para facer licor de melocotón, de pera... Preguntemos cal é o método nestes casos. Escribamos a receita dun destes licores.
- Por veces, as cousas máis raras preséntansenos como do máis normal. Pasa cos nenos que falan de voar nas vasoiras coma se nada, ou do médico que trata a situación de Marcos dentro da botella azul como algo corrente. Tratemos de narrar un feito asombroso dun xeito cotián e un feito normal de maneira espectacular.

«CHEGOU UN HOME MOI GRANDE»

- Contestemos ás seguintes preguntas: ¿Onde se desenvolve a historia? ¿Quen é Brais? ¿E Duarte? ¿Que ten de especial o home do saco?
- Observemos o recurso literario que aparece nestas frases e expliquemos de cal se trata:
*As casas apretan as costas contra os penedos; As casas teñen galerías que ollan ao mar;
Vense as gamelas bailar na tona da auga.*
- Logo poderemos escribir nós un texto utilizándoo.
- Debuxemos ese pobo no que transcorre o relato.
- O home do saco é un personaxe co que se lle metía medo aos nenos. Imaxinemos que pode levar ese monstro no saco cando non carga coas cores.
- Un home malo rúballes a riqueza a moitos que deben organizarse para poder recuperala. Este é o argumento de moitas historias. Lembremos algunha delas.
- Os adultos non queren escoitar aos nenos pois pensan que non saben, nin tampouco lle fan caso ao home que consideran parvo. Non obstante, son estes personaxes quen salvarán a terra e o mar devolvéndolles as cores. Pensemos noutros casos nos que sucede isto.
- Cando o mar queda de cor negra, sen o azul, recórdanos as mareas negras como a do *Prestige* que parecen asfaltar o mar. Representemos esa imaxe a través dunha ilustración.
- Duarte seguirá ao home do saco buscando as pegadas que vai deixando. Localicemos un libro para aprender a distinguir pegadas e xoguemos a descubrilas no campo.

actividades

«BOLSAS, MILLEIROS DE BOLSAS»

- Neste relato coñecemos a señora Remedios, unha muller moi aforradora que xunta de todo. ¿Coñecemos a alguén así? ¿Que gardamos nós que non necesitemos? ¿Que facemos coas cousas que xa non nos serven?
- O vento ten moita forza e pode provocar situacións nas que non tiñamos pensado. Vexamos o que sucede neste conto. Falemos doutras situacións que teñamos observado e escribamos unha historia divertida protagonizada polo vento.
- Os ventos teñen nomes. No conto fálase do nordés, pero seguro que es quen de indagar algún máis e explicar o comportamento de cada un deles.
- Pensemos en como representar o vento mediante debuxos e realicemos un mural con todos eles.
- Debuxemos a vila tomada polas bolsas de plástico.
- A señora Remedios non aprende a lección a aínda despois do que pasou segue a xuntar as bolsas de plástico. Imaxinemos que o vento lle xoga a última pasada e a leva voando agarrada ás súas bolsas. Contemos esa historia.
- Mentres lemos este relato é posible que lembremos unha imaxe que seguramente temos visto nalgunha ocasión: as bolsas de cores nas marxes dos ríos. O lixo é cada vez un problema maior ao que debemos enfrontarnos. Facémolo cando o separamos para poder reciclalo, pero tamén debemos preocuparnos do que atopamos tirado polas rúas ou no campo. Sexamos creativos e solidarios, busquemos maneiras de axudar á natureza.
- Hai unha enfermidade na que un dos síntomas é amontoar lixo. Investiguemos cal é.
- Lemos «Cando o autor fala de si». Subliñamos o que nos interese para poder comentalo cos compañeiros.
- Neste apartado, o autor segue a contarnos, neste caso, a lenda dunha vila asolagada. Tentemos dar con ela ou con calquera outra que fale desas cidades subacuáticas.
- Resumamos cales son as cousas que lle gustan ao autor e aquelas ás que acabou dedicándose.
- Contestemos: ¿Que significa q.e.p.d.? ¿Quen é Herbert von Karajan?

Despois da lectura

- Realizamos un marcador de lectura axeitado a este libro.
- Nunha posta en común, intercambiaremos as opinións sobre a lectura, o conto que máis nos gustou, etc.
- Escribiremos unha recomendación deste libro para publicar no boletín da biblioteca ou para colocar no taboleiro.
- Escribirémoslle unha carta ao autor.
- Podemos escribir unha nova historia para este libro.
- Realicemos unha nova capa para este libro cunha ilustración e un título que non pertenza a ningún dos contos.
- Busquemos eses outros libros do autor que agora nos apetece seguir a ler.
- Seguindo as recomendacións de Docampo, busquemos *A illa do tesouro*.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2006
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2006
Depósito legal: VG. 79-2006